

CORRELINGUA 2012 GALEGO, TODO O QUE BUSCAS



BASES DE CONCURSO DE BANDA BANDA DESEÑADA

1. Poden participar todo o **alumnado de Educación Infantil e Primaria** de calquera centro de Galiza.
2. A participación no concurso será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferibelmente a aula completa. Cada grupo deberá repartirse as diferentes tarefas para a elaboración da banda deseñada (elaboración do argumento e guión, deseño das personaxes, realización gráfica, cor, etc...).
3. A Banda Deseñada debe ter un tema que estea de acordo cos **OBXECTIVOS** xenéricos do Correlingua, que son:

a) Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.

b) Sensibilizar a sociedade, a través da poboación infantil, da importancia da defensa da lingua galegac. Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e amenas e interdisciplinares.

Ademais deberá terse en conta o lema desta convocatoria: **GALEGO, TODO O QUE BUSCAS**

4. O formato da banda deseñada será o seguinte:

I. EXTENSIÓN: de 1 a 4 páxinas, tamaño A4 ou proporcional.

II. TÉCNICA: libre, sobre papel de debuxo (non folios), tendo en conta que debe permitir a súa lexibilidade, reprodución e impresión.

O envío farase con pseudónimo. Dentro do mesmo sobre incluírase outro en que consten os seguinte dados dos participantes:

- Nome de todos os compoñentes do grupo
- centro escolar a que pertencen.
- teléfono de contacto.

5. Os centros deberán formalizar a inscrición enviando un correo electrónico http://www.correlingua.org/apuntate_banda.aspx antes do día 1 de febreiro de 2012. Nesa inscrición farase constar o número de persoas que compoñen o grupo e tamén a etapa educativa. O traballo orixinal deberá ser enviado antes do 15 de febreiro de 2011 por correo ordinario, a ser posíbel acompañado a:

CORRELINGUA
A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
APARTADO DE CORREOS 247
15705, Santiago de Compostela

6. O xuri estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. Colabora nesta actividade a Asociación Cultural BD Banda. A decisión do xurado será inapelábel.
7. O premio para o grupo gañador consistirá nunha viaxe.
8. Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web do Correlingua.
9. Os traballos premiados poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua. Para estes efectos os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.